

Torques de Honra Chamoso Lamas 2017

Se me preguntas...

Como ser Manuel Gallego?

Se me preguntas que é a arquitectura, direiche que a arquitectura non se pode contar con palabras. Non necesita nin metáfora, nin narrativa, nin falar con símbolos e signos.

Non é unha fotografía, non é un debuxo. Tampouco sae dun debuxo. Comezas a pensar antes en papel, escribindo anotacións varias sobre un folio en branco, dándolle voltas. Logo, segues con miles de debuxos; varios esbozos da idea, algunhas maquetas... e non acabarás o proxecto ata que finalices a obra.

Moitos proxectos quedan no papel. Non son arquitectura. A arquitectura é sempre construción e con iso e a compoñente intelectual, está definida.

E máis aínda, unha vez construída, precisa ser vivida. A arquitectura non se pode explicar máis nada que vivíndoa. É experiencia pura. Se non permite vivir, dubido que sexa arquitectura.

Se me pides un consello, direiche: Sé crítico. Fai o que queiras, pero sínteo. Tes que querer involucrarte e tes que saber como facelo. Actúa sen prexuízos, con emotividade e por instinto. Sempre que dubides, recorre ao instinto.

Foxe dos estilos. Os estilos coartan a liberdade.

Lembra que a arquitectura é para vivir, e se non é eficaz e non resolve os problemas, é unha fraude. É unha fraude ética e moi profunda no corazón do que a fai.

Cada vez que rehabilites unha ruína, entrarás en conflitos éticos, intelectuais... Podes pensar que hai que tirar o edificio e facer outra cousa, pero destruílo é destruír a memoria de moita xente, quitarlles os recordos e, iso, non tes dereito a facelo.

Por iso, apetécame pensar a arquitectura como algo que non é só aparencia, senón que esconde un mundo ordenado e persoal detrás, que quere ter unha compoñente doméstica e unha vontade de ligarse ao territorio.

Por iso apetécame pensar que o arquitecto non é só un creador de marcas de calidade, de referencias formais nun mundo de consumo e que o seu papel é algo máis que maquillar as aparencias da realidade.

Se me sentas á túa mesa, direiche que a arquitectura ten algo de culler, e de garfo, e de coitelo... A literatura, opera con instrumentos. Imaxínome a [Knut] Hamsun elaborando o seu "Pan" co que saciar a súa "Fame", dúas novelas de referencia para min. A arquitectura, tamén ten algo de instrumento. Un instrumento para construír; para construír con materiais, con ideas, con recordos. O recordo permite detectar o cambio.

Por certo, recordo que a Karl Popper preguntáronlle unha vez: "Vostede que ten tantos anos, que pensa da vellez?". Ao que el respondeu: "A vellez?, ...xa nin me acordo".

Cando tes a miña idade parece que toda arquitectura é unha construción da memoria, na que intervén o que aprendiches, o que che gustou doutras arquitecturas, o que admiras dos amigos, os teus fracasos.

Pero a arquitectura, non ten idade. Case nada ten idade. A idade é un invento biolóxico que nos destrúe, pero nas cousas iso non existe. Teño a impresión de que o que quere ser novo é novo case toda a vida. E toda a vida estás a facer o mesmo. A miúdo cheguei á conclusión de que toda a vida paseima facendo escaleiras.

Eu aprendín que o tempo pode ser profundo. Sempre me interesou máis o que continúa que o que rompe.

Se me preguntas que sei do presente, trasladarei a pregunta ao poeta: "Que sabemos do presente Sr. Octavio Paz? Nada ou case nada, querido amigo, pero os poetas saben algo: o presente é o manancial das presenzas".

O presente modifica a memoria, modifica o pasado. O presente é a diferenza: O seu cambio constante, a súa mobilidade e fragilidade dilúen a memoria. A memoria pérdese.

Pero a memoria tamén se vai reconstruíndo, vaise organizando. A memoria é o recordo das referencias. E para construír esa memoria, é preciso buscar referencias.

É un modo de dicir: "Eu quixen facer este edificio e durante uns anos foi. Logo veu alguén e cambiouno todo. E non pasou nada". Que as cousas poidan ser –aínda que sexa por un tempo– é moi interesante. Outra cousa é deixar anotado un camiño e gardalo dentro dunha botella.

En realidade, todo o que facemos na vida é iso: as botellas do naufrago. Se alguén abre a botella, ben. Pero se non a abre ninguén, non pasa nada. A vida é así...

Se cadra, alguén a destapa para ver se ten viño. Se cadra, alguén atopa nela un bo Ribeiro.

Se me propós deseñar unha embaixada de Galicia no mundo, debuxaríaiche un carballo cun banco debaixo para poder sentar á sombra. Que hai máis local que unha árbore? Que máis universal? Iso é para min Galicia.

Arrepíame o localismo que leva a ver só o que tes diante. O que me gusta é o cotián, o inmediato, a atención ao veciño, aos instrumentos de traballo. Por iso a miña memoria a miúdo lembra a lección escandinava. Erling Viksjø... canto che boto de menos!

O local desaparecerá, si, pero tamén sei que volverá nacer. O que é demasiado importante para perderse termina por volver.

Gustárame ser lembrado como un galego que fala desde o local un idioma universal, como Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín.

Procurei que, a miña, fora unha arquitectura de mundo e de pobo á vez. Preocupado sempre por que a cultura non sexa algo afastado da vida. Creo que a verdadeira cultura abarca. Desde unha cultura sempre podes entender outra, nunca suplantala.

Pero, actualmente, o ruído é unha característica da nosa cultura. Ruído da información, das rupturas, dos cambios, dos movementos. Ruído atronador.

Reclamo o dereito para ter o meu propio silencio. Despois de todo, a memoria primordial, é unha memoria do silencio.

Como diría o meu admirado Hans Magnus Enzensberger: "ás veces, é preciso calar para dicir moito".

Pois iso: Mellor, calo!